

CUESTIONARIO PREPARACIÓN REFLEXIÓN KARL MARX

HISTORIA. DIALÉCTICA: Marx concibe a historia en termos de proceso, de cambio; un devir que é froito dunha contradición, dunha loita entre opostos: Que fai que a historia se mova, avance, progrese?, cal é a forza motriz dos cambios no proceso histórico?, ou como diría Marx, cal é o motor da historia?, con outras palabras, que factores son os causantes do paso dunha etapa histórica a outra ou dun tipo de sociedade a outro?

CLASES SOCIAIS: Que papel xogan as clases sociais na historia?, son os *grandes personaxes* os que fan avanzar a historia? Cales son as dúas clases sociais que sempre se enfrontan dentro de cada sociedade? Que características esenciais definen unha clase social? Na sociedade capitalista na que vive Marx, cales son as clases sociais antagonistas? Segundo Marx, todas as sociedades ao longo da historia foron sociedades de clases, por que os explotadores están en condicións de poder explotar?, por que os explotados son explotados?, que aspecto da estrutura socio-económica da sociedade determina que unhas clases sociais sexan explotadas e outras explotadoras?

TRABALLO. PRAXIS: Dende o punto de vista da evolución biolóxica e cultural da especie humana, que importancia tivo o traballo? Falando da actividade productiva do ser humano como especie, poderías definir que é o traballo?, é unha actividade individual ou social?, é unha actividade especificamente humana, isto é, propia de todas as especies de homínidos que habitaron a terra? Segundo Marx, o traballo supuxo a emancipación da especie humana respecto da natureza, en que sentido di Marx que o home se independizou da natureza por medio do traballo?

CAPITALISMO. ALIENACIÓN: Que é o capitalismo?, cales son os seus rasgos específicos? Cales son as condicións nas que os obreiros levaban a cabo o seu traballo durante a Primeira Revolución Industrial? Baixo as condicións do capitalismo decimonónico que Marx analiza, o traballo é emancipación ou explotación? Na sociedade que Marx analiza, que son os explotados, quen os explotadores? Cales son na actualidade as condicións laborais de moitos asalariados en todo o mundo baixo o réxime de capitalismo globalizado?, que é a *deslocalización*?, que consecuencias ten para os traballadores?, que son os *poor workers*?, que é o *cuarto mundo*?

IDEOLOXÍA: Que entendes por ideoloxía?, que elementos integran a ideoloxía dunha sociedade? Que relación existe entre a ideoloxía e a clase social?, a que clase social pertencen as ideas dominantes nunha determinada época? de que depende que nunha sociedade dominen unhas determinadas ideas políticas, relixiosas, filosóficas, morais, estéticas?, cales son os valores propios da ideoloxía burguesa?

PROLETARIADO. SOCIALISMO. REVOLUCIÓN: Cal é a misión do proletariado en relación ao capitalismo, segundo Marx?, que cometido ten que desempeñar a clase traballadora na historia? A que tipo de sociedade dará lugar a revolución proletaria?, cales serían as características definitorias da sociedade comunista?, por que a sociedade comunista estaría en condicións de abolir a explotación do home polo home, como afirma Marx?